

Lelo o “Afiador”

Sempre amosei moito interese polos contos, anécdotas ou vivenzas da miña avoa Carme, podería escribir un libro con todo o que lle aconteceu ao longo da súa vida. Comezarei por min, chámome Antón e fareivos un pequeno resumo da historia da miña familia.

Antes de eu nacer contan os lugareños que a miña avoa estaba algo "tola" e dígovos o porqué. Vivía co meu avó Pedro, nunha aldea de Santa Comba, nunha casa grande cun gran xardín e terras e xunto coa filla de ambos (Lolita), que vén sendo a miña nai, claro. Pois ben, por aquela época, fálovos dos anos cincuenta, pasaba xente moi



pobre polos lugares pedindo esmola, cobixo, din que daquela ata se pasaba fame e a tola de Carme sempre enchía a casa prestando axuda a todos os vagabundos e necesitados que por alí se achegaban. Ata durmían polos corredores en colchóns, comían o caldo preparado pola avoa, aseábanse nun baño habilitado para eles.....

A miña nai Lola lembraba todo iso e as xentes do lugar dicían: " que tan toliña está a Carme "! Non se dará conta de que eses pobres poden estar cheos de enfermidades... Ha de pensar que así ten o ceo gañado. Mais eu ben sei que non era así, ela facíao por bondade e dicía que se algún día nós por calamidade estivésemos na situación deses pobres desamparados que nos había de gustar que alguén nos botase unha man. Ese era o seu pensar

Un dos pobres que pasaba longas tempadas na casa era Lelo " o afiador" que xa axudaba de xornaleiro, plantando patacas, esfollando no millo, facendo broa.....aínda que o seu verdadeiro oficio, como o apodo indica era o de "afiador", afiaba pois coitelos, arraxaba potas, paraugas.....



Lelo era coma da familia, tiña esposa e seis criaturas. A súa muller era algo preguiceira, como soía dicir a avoa, ¡só traballa para traer fillos ao mundo! Cada vez temos máis bocas que alimentar!

Cando eu cheguei a este mundo, pensei que Lelo era o meu tío (por certo que daquela xa se separara da muller e os fillos non quixeron saber nada del e, por iso quedou con nós para sempre).

Percorriá as rúas co seu caixón ao lombo para sacar uns pesos. Tiña un único costume, xogar á quiniela unha vez á semana, sentía paixón polo fútbol.

Así pasou a miña infancia coa avoa e Lelo, xa que os meus pais tiveron que emigrar a Suíza ao falecer o meu avó Pedro que era o que suministraba cartos para a familia. A situación económica da miña casa cambiou, pois había que apertar máis o cinto para chegar a fin de mes. A avoa seguía acollendo a algún que outro pobre, pero xa non había tanta fartura.

A avoa estaba sempre triste, traballando nas terras, na casa... Aínda por riba, para máis desgraza, un día chegou unha carta dos meus pais onde nos comunicaban que quedaban a vivir en Suíza porque todo lles ía moi ben. É dicir, que nos abandoaban precisamente cando máis necesitabamos deles.

Agora, os pobres eramos nós: falta de roupa, alimentos,... Para máis desgraza tamén Lelo tería que deixarnos. O pobriño tivo que marchar para unha residencia en Carballo, pola súa avanzada idade e porque nós xa non podíamos coidalo coma antes.

Iamos visitalo todos os domingos, ¡que ledos se puña lembrando os vellos tempos!, sempre agradecendo o que a avoa Carme fixera por el e pola súa familia. Decía Lelo: que soño estou aquí! Os fillos non queren saber nada de min, pero eles o perden; o que renega dun pai, non merece nada. Menos mal que vos teño a vós, sodes a miña verdadeira familia.

De todos modos, na residencia coidábano moi ben, facía algo de deporte e xogaba a partida cos seus amigos. Nós estábamos contentos de ver que alí estaba ben coidado. Era un bo lugar para el. Pero, co paso dos anos foise entristecendo, pensaba que xa lle chegaba a hora de marchar e deixou de facer deporte e ata de xogar ás cartas. Estaba case todo o día na cama e a súa saúde ía a peor.

Un domingo de verán fomos coma sempre cara a Carballo e ao chegar atopámonos coa mala nova de que acababa de falecer.

- Síntoo dona Carme, o señor Manuel faleceu esta mañá. Xa llo notificamos á familia e un dos netos díxonos que se ía facer cargo de todo.

Esperamos a que o seu neto Xoán chegase e pedímoslle se o podíamos velar na nosa casa. Por suposto estivo de acordo e cara a alí fomos. Toda a aldea estivo con el no seu derradeiro adeus porque fora un home moi traballador e querido por todos. Os que non estiveron presentes foron a súa verdadeira familia, agás Xoán.

Ao pasar uns días chegou o seu neto de novo a nosa casa cun sobre pechado onde estaban as súas derradeiras vontades, pero teríamolo que abrir ante un notario na Coruña.

O día sinalado fomos á Coruña e cal foi a nosa sorpresa cando chegamos á notaría e alí estaba Xoán, pero non el só senón con toda a familia. Agora, de súpeto parecía que a familia revivira, xurdira de novo por se había algunha novidade interesante.

O notario abreu o contido do sobre,

Querida familia:

Xamais esqueceré a vosa xenerosidade, bondade e agarimo que me amosastes durante tantos anos:

- cando tiven fame, déstesme de comer
- cando tiven sede, déstesme de beber
- cando tiven frío abrigástesme
- cando caín enfermo, estivestes ao meu carón
- cando quedei soño, viñéstesme visitar.

Por todo iso e máis, vós Carme e Antón, merecedes todo o que teño. Sempre vos levarei no meu pobre, pero grande corazón

Asinado

Manuel González

Os corenta parentes, ou os corenta ladróns, como dicía a avoa, ríanse a gargalladas. Claro, coma Lelo só posuía unha leiriña pequena!..... Pero para nós foi unha grande ledicia recibir esa carta chea de tenrura e agarimo.

A sorpresa chegou de seguido cando nos fixeron asinar a postdata da carta. Lelo era o beneficiario dun premio da quiniela á que tanto lle gustaba xogar, un premio de 450 millóns de pesetas que nos regalou a nós. Non dabamos créditopero, por que a nós?, por que non os gastou el en vida ?

A familia de Lelo pasou das risas aos choros, non podía crer o que estaban oíndo, que nos deixara todo a nós, ata o seu caixón que, por certo hoxe en día gárdoo coma un tesouro.

Lelo, o pobre. pero que viviu coma un rico grazas a avoa converteunos en ricos de novo, pero tamén humildes. Como soía dicir a avoa non había que derrochar, seguiríamos axudando aos necesitados coma sempre. A avoa non gañaría o ceo, pero si grandes amigos como o " tío Lelo" , que por certo sempre estará no meu recordo.

Ao cabo duns meses a avoa decidiu construír un albergue para seguir axudando a todos aqueles que o precisasen e hoxe en día eu continuo coa súa labor. Ao fin e ao cabo débolle a ela e a Lelo todo o que son e todo o que teño.



Sexto de Ed. Primaria